

# FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN

Nome: .....  
Apellidos: .....  
D.N.I.: .....  
Enderezo: .....  
Nº: ..... Piso: ..... C.P.: .....  
Poboación: .....  
Teléfono: .....  
e-mail: .....

- Afectado/a  Interesado/a  
 Familiar  Profesional da saúde  
Quero:   
 Socio/a  Socio/a colaborador/a  
 Voluntario/a  Facer unha doazón (\*)

## Domiciliación bancaria (para socio/as)

Sr./Sra. director/a, con cargo á conta indicada e até novo aviso, sirvanse cumprimentar esta domiciliación de pagamento.

A cada trimestral é de:

9 €  18 €  30 € (marcar cun X)

Títular da conta: .....

Banco ou caixa: .....

Nº de conta (20 díxitos) e IBAN: ..... / ..... / .....

Eri: ..... a ..... de ..... 20.....

Sinatura:

(\*) Para facer unha doazón, chamara ao número 630 024 428

Os datos persoais facilitados están suxeitos á lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal. Incorporáranse os ficheros automatizados titularidade da AGI, debidamente inscritos na Axa de Protección de Datos segundo a lei. Poden rectificar ou cancelar contactando con [info@infedemagalicia.com](mailto:info@infedemagalicia.com)

AGI é unha asociación sen ánimo de lucro que nace no ano 2004 para dar resposta ás necesidades das persoas afectadas desta doenza. Está composta por persoas afectadas de linfedema e familiares.

No ano 2018 esta entidade, se amplía, como resposta as demandas da cidadanía polo que a partir deste ano AGI pasa a denominarse Asociación Galega de Linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas.

AGI forma parte de COGAMI (Confederación galega de persoas con discapacidade) e de FEDEAL (Federación Española de Asociacións de Linfedema).



ASOCIACIÓN GALEGA  
DE LINFEDEMA, LIPEDEMA,  
INSUFICIENCIA VENOSA CRÓNICA  
E OUTRAS PATOLOXÍAS  
VASCULARES PERIFÉRICAS



Non queremos  
ser invisibles  
para a sociedade



ASOCIACIÓN GALEGA  
DE LINFEDEMA, LIPEDEMA,  
INSUFICIENCIA VENOSA CRÓNICA  
E OUTRAS PATOLOXÍAS  
VASCULARES PERIFÉRICAS

📍 López Ballesteras nº7, ofc. nº6  
(Edif. Estación de Autobuses)  
VILAGARCÍA DE AROUSA

✉ [info@infedemagalicia.com](mailto:info@infedemagalicia.com)

☎ 986 505 443 - 630 024 428

🌐 [infedemagalicia.com](http://infedemagalicia.com)



## 01 MISIÓN

Contribuír ao coñecemento, estudo e investigación sobre o linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas, así como, promover a levar a cabo toda clase de accións destinadas a mellorar a situación das persoas con estas doenzas e outras patoloxías oncolóxicas, así como as súas familias.

## 02 VISIÓN

Ser unha entidade consolidada e amplamente recoñecida pola sociedade en xeral, polos seus valores, compromiso e liderado nas metodoloxías de traballo e na procura da excelencia nas actuacións dirixidas á grupo social das persoas afectadas de linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas e outras patoloxías oncolóxicas, así como as súas familias.

## 03 OS NÓSOS SERVIZOS

- Aesuramiento personalizado sobre a enfermidade e os tratamentos.
- Información e asesoramento na área de discapacidade.
- Seguimento personalizado da enfermidade, en caso necesario.
- Búsqueda de recursos e derivación a outros servizos.
- Formación.
- Atención ás familias.
- Reunións informativas e orientativas.

## 04 LINFEDEMA (LINFOEDEMA)

É unha enfermidade inflamatoria de evolución lenta, crónica e progresiva, que afecta ao sistema linfático cando está danado ou bloqueado; caracterizada polo acúmulo de líquido intersticial (linfa) e tecido fibroadiposo. Pode afectar a cualquier parte do corpo como cabeza, pernas, brazos, xenitais, órganos internos, ou incluso corpo enteiro e afecta ao sistema inmunolóxico. Pódese confundir con outros tipos de edema ou retención de líquidos, polo que é necesario facer probas diagnósticas.

Existen diferentes estadios clínicos dependendo da severidade. O edema linfático pode empeorar e evolucionar hacia unha Elefantiasis, implicando gran desfiguración e complicacións graves.

O linfedema é potencialmente incapacitante e discapacitante, aínda que hai varios tipos de tratamentos para controlar e manter a evolución da patoloxía.

**SINTOMAS:** Hinchazón progresiva, dificultade nos movementos, pesadez, entumecimento, formigueo, cansancio doloroso, sensibilidade ao frío e calor, alteracións cutáneas, trantez, supuracións, erisipelas, linfanxitis, etc.

**FACTORES CAUSANTES:** Pode ser de Etioloxía Primaria (conxénitos e hereditarios) e Secundaria debido a cirurxía, radioterapia, cancro, insuficiencia venosa crónica, traumatismos, parálise, insectos, etc.

## 05 LIPEDEMA (LIPOEDEMA)

É unha enfermidade inflamatoria de evolución lenta, crónica e progresiva, que afecta ao tecido celular subcutáneo, especialmente aos adipocitos (células graxas). Se acumula de forma anormal e casi simétrica, sobre todo en membros inferiores, dende a cadeira ata os nocellos e desproporcionadamente co resto do corpo, confundíndose con obesidade, retención de líquidos, linfedema e outros tipos de edema, polo que é necesario facer probas diagnósticas. Os pes só están afectados en etapas avanzadas e non responde a tratamentos dietéticos.

Existen diferentes estadios clínicos dependendo da severidade. O edema lipoidico pode empeorar e evolucionar hacia un lipo-linfedema, con síntomas máis parecidos ao linfedema.

O lipedema é potencialmente incapacitante e discapacitante, aínda que hai varios tipos de tratamentos para controlar e manter a evolución da patoloxía.

**SINTOMAS:** Hinchazón progresiva, dificultade nos movementos, celulite ou pel de laranxa, pesadez, entumecimento, formigueo, cansancio, hipersensibilidade á dor, fragilidade ao contacto (hematomas), sensibilidade ao frío e calor, alteracións cutáneas, telangiectasias (arañas vasculares), etc.

**FACTORES CAUSANTES:** Pode haber factores xenéticos implicados, e frecuentemente está ligado a trastornos hormonais.

## 06 INSUFICIENCIA VENOSA CRÓNICA (IVC)

É unha enfermidade inflamatoria de evolución lenta, crónica e progresiva, debido comúnmente á incompetencia das válvulas para o retorno venoso, independentemente da postura ou actividade. A hipertensión venosa (HTV) é determinante no desenvolvemento da IVC.

Se pode confundir con outros tipos de edema ou retención de líquidos, polo que é necesario facer probas diagnósticas. Existen diferentes estadios clínicos dependendo da severidade.

O edema venoso (fleboedema) pode empeorar e evolucionar hacia un flebo-linfedema, con síntomas máis parecidos ao linfedema.

A IVC é potencialmente incapacitante e discapacitante, aínda que hai varios tipos de tratamentos para controlar e manter a evolución da patoloxía.

**SINTOMAS:** Hinchazón progresiva, dificultade nos movementos, pesadez, entumecimento, formigueo, cansancio, dor, sensibilidade ao frío e calor, varices, varículas, calambres, alteracións cutáneas, úlceras por estasis venosa, etc.

**FACTORES CAUSANTES:** Pode ser de Etioloxía Primaria (conxénitos e hereditarios) e Secundaria debido a trombose do sistema venoso profundo (Síndrome Postrombótico), vida sedentaria, sedentación e bipedestación prolongadas, etc.